



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CURSO 2024 - 2025

PLAN DE TRANSICIÓN DE INFANTIL A PRIMARIA



C.E.I.P. A Guía
(Moaña)

Aprobado polo consello escolar o 29 de xuño de 2017

ÍNDICE

1- XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE TRANSICIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL A EDUCACIÓN PRIMARIA.....	páx 2
1.1- Xustificación lexislativa.....	páx 3
2- FINALIDADES.....	páx 4
3- PROFESORADO RESPONSABLE DO PROGRAMA DE TRANSITO....	páx 5
4- ACTIVIDADES ORGANIZATIVAS E METODOLÓXICAS.....	páx 6
4.1- Actividades organizativas.....	páx 6
4.2- Actividades para o alumnado de 6º de infantil e 1º de primaria.....	páx 6
4.3- Actividades metodolóxicas.....	páx 9
5- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE TRÁNSITO.....	páx 10
ANEXO: INFORME DE TRÁNSITO DE INFANTIL A PRIMARIA.....	páx 11

1- XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE TRANSICIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL A EDUCACIÓN PRIMARIA

Tendo en conta o Decreto 120/1998 que regula a organización da orientación e a acción tutorial en centros públicos que imparten ensinanzas de Educación Infantil e Primaria, se presenta este Plan de Transición co fin de concretar dunha forma sinxela, unha serie de actividades que permitan unha efectiva continuidade do alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.

Definimos transición como o paso dunha etapa a outra que experimenta o alumnado que finaliza a Educación Infantil e comeza o primeiro curso de Educación Primaria.

Dende a Educación Infantil débese, por un lado, potenciar e desenvolver o máximo, por medio da acción educativa, todas as posibilidades do alumnado e, por outro dotarlles das competencias, destrezas, habilidades, hábitos, actitudes... que faciliten a posterior adaptación a Educación Primaria.

O paso a Educación Primaria supón un cambio importante para o alumnado: cambian os mestres, os espazos, a distribución do tempo, a metodoloxía de traballo, as rutinas da clase, os materiais e os recursos.

Tendo en conta todo o anteriormente citado, o comezo do primeiro curso de primaria é percibido polo alumnado como un novo reto que debe afrontar e superar por el mesmo. A adaptación á nova situación levaralle un tempo, que en algúns casos durará os primeiros meses e en outros casos máis, pois cada alumno/a ten o seu propio ritmo.

Debemos xuntar esforzos entre o profesorado de educación infantil e primaria posto que o desenvolvemento do alumnado é un proceso continuo e ascendente, que ocorre como resultado da educación: os logros que se producen na etapa de infantil teñen moita repercusión na educación primaria e serán a base de moitos dos aprendizaxes posteriores. Polo que o paso dunha etapa a outra debe ser continuo, gradual e coherente evitando cambios bruscos e saltos, en moitas ocasións incomprensibles para os alumnos/as.

Este Plan de Mellora diríxese e implica a tres sectores:

1. ALUMNADO.
2. FAMILIAS.
3. MESTRES/AS. (Equipo de mestres/as de Educación Infantil, mestres/as de primeiro de primaria, profesorado especialista (PT, AL)e Orientadora do centro)

1.1- XUSTIFICACIÓN LEGISLATIVA

A lexislación vixente na nosa comunidade recolle a necesidade de levar a cabo plan, tal e como se sinala a continuación:

- ❖ **Decreto 330/2009, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Preámbulo

Aínda que a educación infantil constitúe unha etapa educativa cos seus propios obxectivos, en que se debe coidar a transición entre os ciclos, non se pode esquecer que se trata dunha etapa que ten a súa continuidade na educación primaria. Isto esixe a coordinación entre ambas as etapas. Coordinación que en ningún caso se entenderá como supeditación dunha etapa a outra, senón como un instrumento que asegure a coherencia dos procesos educativos iniciados.

- ❖ **Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**

Artigo 10º.- Coordinación entre ciclos e con educación primaria.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá mecanismos que favorezan a coordinación das propostas pedagóxicas dos centros que impartan o segundo ciclo de educación infantil con aqueles que impartan o primeiro ciclo da etapa, co obxectivo de garantir a continuidade do proceso educativo do alumnado.
2. Os centros con unidades de educación infantil establecerán mecanismos de coordinación entre o profesorado que imparte nesta etapa e o profesorado que imparte no primeiro ciclo da educación primaria.
3. Cando o alumnado se traslade dun centro a outro, seguiranse os procedementos establecidos nesta orde para garantir o intercambio de información entre ambos os centros.

❖ **DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.**

(Artigo 6) Facilitar ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersoal ou a transición á vida profesional.

2- FINALIDADES

Este documento pretende establecer un Plan de Transición da etapa de Educación Infantil a Educación primaria e ten as seguintes finalidades:

- ❖ Facilitar a adaptación ao contexto escolar do alumnado provinte de Educación Infantil así como daquel outro alumnado, se o houberse, que se incorpora á Educación Primaria sen estar escolarizado previamente, mediante un proceso de adaptación progresiva e continua no que os nenos e nenas coñezan a organización e funcionamento na Educación Primaria, se familiaricen cos espazos e mestres e desenvolvan a súa confianza.

- ❖ Determinar procedimientos de coordinación entre docentes de Educación Infantil e 1º de Educación Primaria, que posibiliten as mellores condicións para realizar a transición e intercambiar información de interese para mellorar a resposta educativa do alumnado e sobre posibles problemas de aprendizaxe ou comportamento dalgúns alumnos/as en concreto.
- ❖ Orientar ás familias do alumnado que se incorpora á Educación Primaria , sobre as características novedosas máis relevantes desta etapa educativa (áreas de coñecemento, currículo, metodoloxía, avaliación, promoción...), transmitindo seguridade e confianza e facilitando pautas para este cambio de etapa. Orientar ás familias sobre aqueles aspectos que permitan a adaptación dos seus fillos/as á nova etapa educativa. Todos os cambios que debe afrontar o alumnado, xeneran gran incertidume tanto aos nenos/as como ás familias. Dende o centro tamén debemos levar a cabo unha serie de actuacións coas familias para que comprendan e acepten o cambio.
- ❖ Orientar aos docentes sobre as medidas académicas máis convintes para facilitar o cambio de etapa, sendo relevante todo o que afecta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e establecer unha coherencia nas normas e decisións que aseguren unha axeitada e pronta intervención cando comencen na Educación Primaria.

3- PROFESORADO RESPONSABLE DO PROGRAMA DE TRÁNSITO

O profesorado responsable do Programa de Tránsito entre a etapa de Educación Infantil e Educación Primaria será:

- Coordinadora de Educación Infantil.
- Titor/a de 6º de infantil.
- Titor/a de 1º de Educación Primaria.
- Mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Orientadora.
- Xefa de Estudos.
- Directora.

4- ACTIVIDADES ORGANIZATIVAS E METODOLÓXICAS

4.1-Actividades organizativas

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
Realizárase unha reunión internivelar entre o titor/a de 5 anos e de 1º de Primaria para transmitir información sobre as características académicas e de aprendizaxe do alumnado en tránsito, así como do alumnado con NEEAE.	Primeira semana de Setembro	Titor/a de sexto de infantil e primeiro de Primaria
Contemplan a posibilidade de que o futuro titor/a de 1º asista a terceira avaliación do alumnado de sexto de educación infantil (no caso de coñecerse quen vai ser).	Xuño	Equipo de avaliación
Reunións coas familias para facilitar a información sobre este tránsito.	Xuño	Titor/a de sexto de infantil e primeiro de Primaria

4.2- Actividades para o alumnado de 5 anos e 1º de Educación Primaria

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
Visita do alumnado de Educación Infantil a Educación Primaria: <ul style="list-style-type: none"> - Recepción e benvinda en 1º - Merenda de irmandade entre o alumnado. - Actividades lúdicas no patio de recreo. - Despedida. 	Maio	Titores/as de sexto de infantil e primeiro de Primaria
Actividade de cohesión de grupo. Primeiro facemos unha		

<p>presentación dos nenos/as do grupo. Facemos unha actividade de traballo cooperativo.</p> <p>Con este tipo de actividades preténdese favorecer a comunicación e o coñecemento dos que van ser os seus novos compañeiros de patio o ano que ven e a perda do medo a estar nunha clase de primaria.</p>	<p>1 sesión en Maio</p>	<p>Titores/as de sexto de infantil e primeiro de Primaria</p>
<p>Comparativa entre as normas de infantil e primaria.</p> <p>Os nenos/as de primaria presentarán os nenos/as de infantil as normas da aula.</p> <p>Daráselle a cada grupo uns debuxos relacionados coas normas da aula. Os nenos/as de infantil, teñen que pintalos, recortalos e pegalos nunha cartolina. Os nenos/as de primaria teñen que escribir as normas na cartolina.</p>	<p>1 sesión en Maio</p>	<p>Titores/as de sexto de infantil e primeiro de Primaria</p>
<p>Saír ao recreo de primaria acompañados do seu titor/a que fará un reforzo no recreo de primaria, previo coñecemento das normas que rexen o recreo de primaria. Un día á semana os nenos/as de infantil poderán asistir ao patio de primaria (rotación do día para coñecer os diferentes xogos que se levan a cabo no mesmo).</p>	<p>Maio- Xuño</p>	<p>Titor/a sexto infantil/profesorado de primaria</p>
<p>Tempo de lectura: rotaremos o día para que vaian coñecendo as diferentes dinámicas que se levan a cabo no tempo de lectura.</p>	<p>Maio-Xuño</p>	<p>Titores/as de sexto infantil e primeiro de Primaria</p>
<p>“Contamos a nosa experiencia”, os alumnos de 1º explicarán aos</p>		

alumnos/as de 5 anos as súas vivencias en Primaria: como traballan, que lugares visitaron, que áreas lles gustan máis, que aprenderon...	Xuño	Titores/as de sexto de infantil e primeiro de Primaria
<p>Presentación aos nenos/as de primaria do traballo de infantil.</p> <p>Os nenos/as de infantil presentarán hoxe os nenos/as de primaria o seu traballo ao longo do ano. O horto, as experiencias, etc.</p> <p>Fomentamos o diálogo, a autoestima, que se sintan valorados polo seu traballo.</p>	1 sesión en Xuño	Titores/as de sexto de infantil e primeiro de Primaria

4.3-Actividades metodolóxicas

- Primeiro de Primaria:

Durante, polo menos o primeiro trimestre, teranse en conta aspectos coma:

- O titor/a co seu grupo realizará unha asemblea diaria de duración flexible, preferentemente a primeira hora, na que se tratarán temas de interese para o alumnado.
- Manter o material de plástica (pinturas, tesoiras, pegamento, rotuladores) como material de grupo.
- Traballar de forma grupal ao principio e posteriormente ir modificando a aula se o titor/a o considera necesario.
- Ir introducindo cadernos paulatinamente.
- Potenciarase a aprendizaxe mediante proxectos de investigación tanto de xeito individual como por equipos.

- Alternar o tempo de xogo ou traballo máis relaxado con traballo que require máis atención e concentración, para ir prolongando este último pouco a pouco.
- Establecer algúns recunchos na clase, por exemplo: biblioteca, aprendo xogando, ordenador, tenda. Os recunchos son espazos fixos organizados dentro da aula no que o alumnado aprende xogando, interactuando cos demais, investigar e satisfacer as súas necesidades de xogo, comunicación e relación. A cantidade de recunchos pode establecerse en función do número de alumnado.
- Deixar o tempo suficiente para que merenden de forma relaxada antes de baixar ao patio.
- Favorecer actividades de expresión oral e de escoita activa, desenvolvendo: vocabulario, construcións de frases, técnicas expresivas (relatos, contos, descricións, diálogos...), adiviñas, etc.
- Desenvolver a lóxica e o cálculo mediante o uso de material manipulativo (bloques lóxicos, ábacos, etc.).

5- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE TRÁNSITO

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
<p>Reunión do equipo de Educación Infantil e primeiro de Educación Primaria para realizar o seguimento do programa de tránsito</p>	<p>Abril</p>	<p>Xefatura de Estudos, orientadora, docentes de infantil e titor/a de primeiro de Primaria</p>
<p>Elaboración da memoria final na que se recollerán entre outros os seguintes indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Idoneidade das actividades programadas. - Implicación das familias. - Resultados obtidos no alumnado. - Adecuación do Informe individualizado do tránsito. <p>A avaliación destes parámetros considerará as dificultades topadas e o establecemento dunhas propostas de mellora para o próximo curso escolar.</p>	<p>Decembro</p>	<p>Xefatura de Estudos, docentes de sexto de infantil e primeiro de Primaria</p>

Este documento será revisado con carácter anual, facéndose todas aquelas modificacións que se consideren oportunas e estean organizativa e pedagoxicamente xustificadas. Dada a importancia da colaboración coas familias para obter bos resultados neste proceso de transición, tamén debemos recabar a valoración das familias para que poidan realizarse as modificacións e melloras necesarias e, deste xeito, asegurar o éxito deste programa.

INFORME DE TRANSITO DE INFANTIL A PRIMARIA

1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO/A ALUMNO/A

APELIDOS Y NOME		DATA NACEMENTO	
-----------------	--	----------------	--

2.- HISTORIA ESCOLAR

PROMOCIONA	SI		NON		Por imperativo legal	
ASISTENCIA A CLASE	Boa		Mala		Motivo	
TIPO DE AXUDA	Reforzo		Reforzo fora da clase		AL	
					PT	

3.-ACTITUDE E COMPORTEMENTO

Atento/a		Distraído/a		Traballador/a		Perezoso	
Motivado/a		Desmotivado/a		Dócil		Agresivo/a	
Seguro/a		Inseguro/a		Respectuoso/a		Irrespectuoso/a	
Reflexivo/a		Impulsivo/a		Sereno/a		Nervioso/a	
Independente		Dependente		Sociable		Pouco sociable	
Participativo		Pasivo/a		Coidadoso(material)		Descoidado	

Relación cos/as compañeiros/as da clase:

Relación cos/as compañeiros/as no patio:

Relación cos/as mestres/as:

4.-CONTEXTO FAMILIAR

Con quen vive habitualmente?							
Boa colaboración		De difícil colaboración		Non solicitan reunións		Pouca colaboración	

OBSERVACIÓNS:

5.-PROCESO DE ENSINANZA- APRENDIZAXE (CONSULTAR OS ÍTEMS DAS CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS)

OUTRAS OBSERVACIÓNS QUE SE CONSIDEREN DE INTERESE E QUE NON SE TEÑAN CONTEMPLADO NO INFORME

....., a..... de.....de.....

O titor/a:

Fdo.

